

REGULAMENTO LIGA PROVINCIAL COPA DEPUTACIÓN LUGO TEMPADA 2020-2021

APROBACIÓN: ASAMBLEA XERAL ORDINARIA 06-02-2021.

REGULAMENTO

LIGA PROVINCIAL

COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

DE PIRAGÜISMO AÑO 2020-2021

Art.1.- ORGANIZACIÓN

A organización técnica e execución da LIGA PROVINCIAL - COPA DEPUTACIÓN DE LUGO de piragüismo, correspóndelle á Federación Galega de Piragüismo, Delegación Provincial de Lugo, que actúa a través dos seus órganos executivos, xunto cos clubs organizadores de cada regata, requisito que será indispensable para optar ós premios que achegarán:

- Os trofeos para os tres primeiros clubs e presea para todas as modalidades e categorías (por regata organizada)
- Embarcacións de salvamento e ambulancia durante a proba.

Art.2.- PATROCINADOR

O patrocinio desta COPA correspóndelle á Área de Deportes da Deputación de Lugo, que figurará en lugar destacado na publicidade que se realice da mesma.

Art.3.- COMITÉ DE DISCIPLINA

Realizará esta función o propio comité da Federación Galega de Piragüismo, para todo o referente á Copa e as súas competicións puntuables, actuando de acordo cos regulamentos vixentes.

Art.4.- COMITÉ DE COMPETICIÓN

Cada regata puntuable da Copa terá o seu propio Comité de Competición que se formará do xeito que establecen os regulamentos vixentes na Federación Galega de Piragüismo e que será o paso previo regulamentario para a presentación de reclamacións posteriores ao Comité de Disciplina e aos órganos superiores.

Art. 5.- FORMACIÓN

A Copa estará aberta a todos os clubs de piragüismo e seccións de piragüismo de entidades deportivas que estean encadradas na provincia de Lugo e que, tanto aqueles como os seus deportistas, cumpran a normativa de afiliación establecida pola Federación Galega de Piragüismo para a tempada 2020-2021.

Art. 6.- XUÍCES E ÁRBITROS

Cada regata puntuable, terá os seus propios árbitros e xuíces, que serán designados pola Federación Galega de Piragüismo a proposta do seu Comité Técnico de Árbitros. Ao termino de cada regata, o Xuíz Árbitro levantará unha acta de resultados que se lle entregará á Federación para realizar as clasificacións finais e o seguimento do desenvolvemento da Copa, encargándose de lles entregar unha copia aos equipos participantes na seguinte regata puntuable.

Art. 7.- PARTICIPACIÓN

Individual.

Art.8.- EMBARCACIÓNS

Ao abeiro dos regulamentos específicos de cada regata puntuable, as embarcacións poderán ser: K-1, C-1.

Art.9.- CATEGORÍAS

As categorías da LIGA PROVINCIAL - COPA DEPUTACIÓN DE LUGO serán as seguintes:

- Caiac homes: Veterano, sénior, xuvenil, cadete, infantil A e B, alevín A, B, benxamín A e B, e prebenxamín, paracanoé
- Caiac mulleres: Veterana, sénior, xuvenil, cadete, infantil A e B, alevín A, B, benxamín A e B, e prebenxamín, paracanoé
- Canoa homes: Veterano, sénior, xuvenil, cadete, infantil A e B, paracanoé
- Canoa mulleres : Veterana, sénior, xuvenil, cadete e infantil A e B, paracanoé

Art.10.- ORDE DE SAÍDAS

Establécese a seguinte orde de saídas:

- 1ª saída: prebenxamíns e benxamíns.
- 2ª saída: infantís.
- 3ª saída: alevíns.
- 4ª saída: cadetes e xuvenís.

Art.11.- CONTROL DE EMBARCACIÓNS

Efectuarase inmediatamente despois de dar a saída anterior, co obxectivo de auxiliar as diferentes probas.

Art. 12.- PUNTUACIÓNS

Os padexeiros/as e/ou equipos puntuarán segundo o sistema de clasificación que se estableza no regulamento específico para cada regata puntuable.
Segundo os puntos que logre cada equipo, clasifícase na clasificación xeral, obtendo unha determinada puntuación.

Art.13.- PUNTUACIÓN PARA A COPA

A teor do artigo anterior establecerase unha clasificación dos clubs da provincia aos que se lles asignará unha puntuación definitiva, en base a seguinte:

-Categorías: xuvenil, cadete, infantil A e B, alevín A e B, benxamín A e B, prebenxamín.

1º Clas.	100 puntos
2º	90
3º	85
4º.....	81
5º.....	80, etc.

A tenor da puntuación individual establecida anteriormente, establecerase unha clasificación dos clubs da provincia para a Liga Provincial, ós que se lles asignará unha puntuación definitiva, en base ó seguinte desglose:

1º Clas.	70 puntos.
2º	67
3º	65
4º	64
5º	63,..... etc.

A puntuación para os equipos que non participen en cada regata puntuable será de 0 puntos en cada unha delas.

Art. 14.- DESESTIMACIÓNS

Esta Copa carecerá de probas desestimadas, é dicir, todas as regatas sumarán para a clasificación final.

Art. 15.- INSCRICIÓNS

Cada club da Provincia de Lugo deberá inscribirse na COPA DEPUTACIÓN DE LUGO (Anexo I), as inscricións deberán ser presentadas persoalmente ou ben enviadas por correo postal á Escola de Piragüismo de Lugo 20 días naturais antes do inicio da primeira proba. No caso de que algún Club non presente dita inscrición (Anexo I) no tempo e forma indicado, non participará no reparto dos premios económicos existentes.

Cada club poderá inscribir en cada regata puntuable, por modalidade e categoría, o numero de embarcacións e padexeiros/as que considere, sen límites, salvo os que expresen os regulamentos particulares de cada unha das regatas puntuables con 8 días de antelación á súa celebración, a través da páxina on-line de Federación Galega de Piragüismo. Non poderá participar ningún padexeiro/a que non figure na inscrición previa.

Dirección de envío de inscricións:

Escola de Piragüismo de Lugo

Crta. Saamasas, S/N

27004 - Lugo

Art. 16.- DESEMPATES

De ser nunha proba resolveranse a favor do club que teña o mellor padexeiro clasificado, na categoría que haxa mais participantes. No caso de haber un empate na participación en varias categorías collerase a de menor idade. De ser no computo final da Liga proclamarase vencedor o gañador da ultima proba. Na clasificación individual dirimira a favor do que teña mellor resultado na ultima proba.

Art. 17.- COMPETICIÓNS PUNTUABLES

Son competicións puntuables desta LIGA 2020-2021, as que figuren como tales no calendario oficial da tempada 2020-2021.

Establecese un máximo de 6 probas, no caso de haber máis de 6 clubs inscritos, excluírase de forma rotativa; elixindo por sorteo aquel club que queda excluído da organización da regata, sen quedar fora do reparto económico.

Art. 18. TÍTULOS QUE SE DISPUTAN

O titulo que se disputa será o de gañador da Copa Deputación de Lugo de Piragüismo. Premio que se outorgará na última regata que se dispute ou nunha Gala organizada para este fin.

Os trofeos para os seis primeiros clasificados, entregados pola Área de Deporte da Deputación Provincial de Lugo.

Tamén se disputarán os títulos individuais en cada categoría e modalidade con trofeo para os tres primeiros de cada categoría e diploma para tódolos participantes das categorías Infantil, Alevín, Benxamín e Prebenxamín entregadas pola Área de Deporte da Deputación Provincial de Lugo.

Unha das probas será o Campionato Provincial a nivel Clubs e individualmente. E designarase ano a ano correlativamente de 1º a último cos resultados da tempada 2015, correspondéndolle nesta edición o **Club Piragüismo Altruan de Ribadeo**, e celebrarse na data que recolla o **Calendario Oficial**.

Art. 19.- DISTANCIAS PROBAS

Distancias das distintas probas:

- 1.500 m. Prebenxamín, Benxamín A e B, alevíns A e B
- 3.000 m. infantil A e B
- 5.000 m. Cadete e xuvenil.

Por ser unha competición a nivel de copa aberta a todos os clubs da provincia de Lugo, independentemente do seu nivel ou categoría, non se producirán ascensos nin descensos.

Art. 20.- TEMPO DE CONTROL

Establecerase uns tempos de control de 6 minutos para as categorías benxamín e prebenxamín, 5 minutos para o resto de categorías. Estes tempos estableceranse desde o paso do 1º clasificado.

Cando por causas de forza maior (condicións climatolóxicas, cambio de percorrido, etc.) a distancia da regata sexa inferior o establecido anteriormente para cada categoría. O tempo de control diminuírase de forma proporcional, atendendo o seguinte valor de minutos de tempo de control por quilómetros de percorrido:

- Prebenxamín, Benxamín A e B, e alevíns A e B: 4 minutos/Km.
- Infantil A e B: 1,67 minutos /Km.
- Cadete e xuvenís; 1 minuto/Km.

Art. 21.- LICENCIAS DE COMPETICIÓN

Todos os padexeiros/as que tomen parte nesta Copa, deberán estar en posesión da licenza de competición debidamente actualizada para a tempada 2020-2021. Os clubs deberán estar ao corrente dos seus pagos coa Federación Galega de Piragüismo, conforme á circular de tramitación de licenza.

Art. 22.- PREMIOS FINAIS

Esta Copa prevé distintos premios económicos para os clubs que achega a Deputación de Lugo. O reparto destes premios basearase en dous criterios fundamentais:

- A) PARTICIPACIÓN: Segundo o número de padexeiros/as (40 % do total)
- B) CLASIFICACIÓN: Segundo os postos conseguidos (60 % do total) Explicación criterios anteriores:

A) Participación:

Suma de todos os padexeiros/as clasificados en cada regata, cun total determinado ao final de todas as regatas. Una vez finalizada a Copa, divídese a cantidade destinada a este apartado, entre o número de padexeiros/as clasificados de cada club, o que dará o valor da cantidade a recibir por cada club.

B) Clasificación:

O 60 % da cantidade total dividirase entre os 6 primeiros clubs cunha porcentaxe do 19,5 % para o 1º clasificado, o 18 % para o 2º, o 17 % para o 3º, o 16 % para o 4º, o 15 % para o 5º, e o 14,5 % para o 6º. De non haber 6 clubs participantes a cantidade sobranse destinarase a incrementar a cantidade por participación.

Non existirán premios finais de carácter económico individual.

Art. 23.- CAUSA MAIOR

Se por causa maior, allea á vontade dun club, este non puidese tomar parte en calquera das regatas da copa, a Federación e a Área de Deportes da Deputación de Lugo, se o estimaren oportuno, e tras o escrito de alegacións do club, outorgaranlle o 10 % dos puntos que conseguise o club clasificado no ultimo lugar da regata na que se produciu a ausencia. De non quedar demostrado que a ausencia se debe a causa maior, quedará excluído de calquera premio.

Art. 24.- COMPETICIÓN RESERVAS OU MODIFICACIÓN DE DATAS

Se por calquera causa non se celebre algunha das regatas puntuables do programa, a Federación Galega de Piragüismo, decidirá sobre o adiamento, a súa substitución ou a súa anulación definitiva para todos os efectos.

Art. 25.- OUTRAS NORMAS

Para as normas non recollidas no presente Regulamento, serán de aplicación as establecidas no REGULAMENTO XERAL da F.G.P., e os regulamentos específicos de cada unha das regatas da copa, regulamentos e estatutos da Federación Galega de Piragüismo, ou no seu caso, no Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Federación Española de Piragüismo. So poderán participar clubs da provincia de Lugo.

A participación dun club neste programa, a calquera nivel, implica a aceptación das presentes normas. A Federación Galega de Piragüismo-Delegación de Lugo e os organizadores das regatas puntuables non se fan responsables dos danos que se lles puidesen causar ou sufrir a embarcacións e demais material dos participantes, tanto no traslado ás regatas como no seu desenvolvemento.


Lémbrese a obriga de levar sistemas de flotabilidade nas embarcacións e do correspondente chaleco flotador nas regatas de promoción e naquelas outras categorías nas que se especifique.

Art. 26- INFORMACIÓN

Para maior información poderán dirixirse á Escola de Piragüismo, dependente da Área de Deporte da Deputación de Lugo, delegacionlugo@fegapi.org ou á Federación Galega de Piragüismo, Tfños de contacto: 986842106 e 986896537, fax 986851108 e e-mail: kayak-canoa@fegapi.org

Pontevedra, 06 de febreiro de 2021

Vº Bº PRESIDENTE



O SECRETARIO



ANEXO I
FICHA DE INSCRIPCIÓN
COPA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

NOME DO CLUB		CIF
CATEGORÍAS	Kaiak homes: xuvenil, cadete, infantil A e B, alevín A, B, benxamín, prebenxamín e paracanoé. Kaiak mulleres: xuvenil, cadete, infantil A e B, alevín A, B, benxamín e prebenxamín e paracanoé. Canoa homes: xuvenil, cadete, infantil A e B, e paracanoé. Canoa mulleres: xuvenil, cadete e infantil A e B, e paracanoé.	
NOME DO PRESIDENTE		DNI
ENDEREZO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN		
LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL
CONCELLO		
TELÉFONOS DE CONTACTO		FAX
DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO		
Nº DE CONTA BANCARIA (é obrigatorio presentar o certificado bancario do club ou da entidade, actualizado do ano 2021)		

Lugo a de do 2021

Asinado e Selo.

Presidenta/a do club ou entidade.

Documentación que debe acompañar:

- Certificado da conta bancaria do ano 2021 co nome do representante.
- Copia do CIF do club ou da entidade